

## TEMA VII: DO ABSOLUTISMO AO LIBERALISMO

### Exercicios:

#### 1. Que é o absolutismo?

O absolutismo era un sistema de goberno no que o monarca, considerado como un representante de Deus na Terra, concentraba na súa persoa todos os poderes:

- Elaboraba as leis.
- Facía cumprir as leis segundo a súa clase social.
- Controlaba o exército e a administración.
- Gobernaba os súbditos que non tiña ningún dereito.

#### 2. Por que a nobreza e mais o clero eran os grupos sociais privilexiados?

A nobreza e o clero eran os grupos sociais privilexiados, porque eran os propietarios da terra, non pagaban impostos e as leis facíanse para defender os seus intereses.

#### 3. Que grupos sociais impulsaron as revolucións liberais? Que obxectivo perseguían?

As revolucións liberais foron impulsadas pola burguesía, e contaron co apoio do pobo chan, campesiños, artesáns e comerciantes.

A intención da burguesía era chegar ao poder, que estaba en mans do rei e da nobreza.

#### 4. Por que as tropas francesas invadiron España en 1808?

En 1808 as tropas francesas invadiron España para poder conquistar Portugal, que era un país aliado de Gran Bretaña, país que se opuña a Napoleón.

#### 5. Quen ocupou o trono español tras a invasión francesa?

Cando o exército napoleónico ocupou España, o rei Fernando VII, sucesor de Carlos IV, foi destronado.

Napoleón impuxo no trono o seu irmán Xosé I, como rei de España.

**6. Como respondeu o pobo español á invasión francesa? Que sucedeu ao rematar a guerra?**

O pobo español para rexeitar a invasión, organizouse en grupos de guerrilleiros, que loitaron contra os invasores.

Ao acabar a guerra Fernando VII regresou ao trono español.

**7. Cal foi a misión dos representantes patriotas españois ao ir a Cádiz?**

Os españois patriotas elixiron unhas Xuntas debido á ocupación militar e o baleiro de poder.

A misión das Xuntas era organizar o goberno do país e a resistencia contra o invasor francés. As Xuntas ao enviar os seus representantes a Cádiz propúñanse redactar e aprobar unha Constitución.

**8. Que ocorreu tras a derrota de Napoleón?**

Tras a derrota de Napoleón, as tropas francesas retiráronse, e en 1814 o rei Fernando VII regresou a España.

Os liberais esperaban que xurase a Constitución de Cádiz, acéptase as ideas liberais e se convertese nun monarca constitucional.

Pola contra, Fernando VII clausurou as Cortes, anulou a Constitución e derogou todas as leis aprobadas en Cádiz. Foi a volta ao absolutismo.

**9. Que conseguiron os liberais ao mando do coronel Riego?**

En 1820 triunfou un pronunciamento liberal impulsado polo coronel Riego, e o rei Fernando VII aceptou a Constitución de Cádiz. Iniciábase así o Trienio Liberal.

**10. Que fixo Fernando VII para que a súa filla, Isabel, puidese reinar?**

Ao morrer Fernando VII, sucedelle no trono a súa filla Isabel, pero como só tiña tres anos fíxose cargo do goberno a súa nai María Cristina.

**11. Durante o reinado de Isabel II, en 1833, estalou unha guerra. Que bando foi o vencedor? Que tipo de goberno se instaurou despois?**

Nesta guerra foron derrotados os carlistas sendo os isabelinos os vencedores.

Co goberno liberal España converteuse nunha monarquía liberal ( con constitución, dereito ao voto chamado sufraxio universal, división de poderes...).

**12. Trala guerra Carlista, que partidos políticos xurdiron? Que defendían?**

Os partidos políticos que xurdiron en España no liberalismo foron:

- Os liberais: pensan que só deben votar as persoas que teñen propiedades.
- Os demócratas: pensan que todos, ricos e pobres, teñen dereito a votar.
- Os republicanos: pensan que os gobernantes teñen que ser elixidos polo pobo.

As mulleres non tiñan dereito a voto.

**13. En 1868, un levantamento militar promovido por demócratas e republicanos iniciou unha revolución contra Isabel II. Que obxectivos perseguían?**

O obxectivo dos revolucionarios de 1868 era acabar co autoritarismo da monarquía española e democratizar a vida política do país.

Algunhas das medidas adoptadas tras a revolución foron:

- Sufraxio universal.
- Ampliación das liberdades (de prensa e manifestación).
- Constitución de 1869.

**14. Cales foron as tres etapas políticas que se sucederon durante o Sexenio Democrático?**

1. Goberno provisional. Desenvolveuse entre os anos 1868- 1871. Neste período impulsáronse reformas democráticas.

2. Reinado de Amadeo I. 1871- 1873. A coroa foille ofrecida a este príncipe italiano que aceptou un papel democrático da monarquía. A falta de apoio levouno a renunciar ao trono.

3. Primeira República. 1873-1874. Este período que durou só 10 meses tivo que se enfrontar a numerosos problemas: unha nova guerra carlista, a insurrección de Cuba, a oposición dos monárquicos e as divisións entre os sectores republicanos.

**15. Explica o que saibas sobre a " Restauración Monárquica".**

A "Restauración monárquica", fai referencia ao regreso de Alfonso XII, e á súa proclamación como rei, que instaura novamente a monarquía borbónica en España.

Cando morreu sucedeu o seu fillo Afonso XIII.

España perde as últimas colonias na guerra de Cuba ante E.E.U.U. (Cuba, Porto Rico e Filipinas).

**16. Durante a restauración formáronse dous grandes partidos que pactaron alternarse no poder (esta alternancia é a chamada quenda dinástica). Cales eran eses dous partidos e que defendían?**

Os dous grandes partidos eran:

- O partido conservador: agrupaba os máis conservadores e defendía o sufraxio censatario.
- O partido liberal: defendía o sufraxio universal e propoñía algunhas reformas sociais.

**17. Malia que o sufraxio universal masculino se aprobou en 1890, o sistema político era realmente democrático?**

O sistema político non era realmente democrático porque se manipulaban as eleccións e unha serie de persoas influentes exercían unha forte presión sobre os electores para que votasen polo seu candidato (caciquismo).